

SECRETARÍA GOBERNO
LOCAL

Concellería
de SEGURIDADE,
CONTRATACIÓN, FESTAS E
XESTIÓN MUNICIPAL

CONCELLO DE
VIGO



INFORME XURÍDICO CON PROPOSTA DE RESOLUCIÓN **Expte: 1960/1102**

Informe xurídico de solicitude de acceso á información pública

Antecedentes

En data 12/10/2025 D. [REDACTED] presenta escrito, a través do rexistro electrónico, ao abeiro da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno (LTAIBG), de acceso á información pública no interesa *"preferentemente en formato digital reutilizable (PDF o Excel), la siguiente información pública: Retribuciones anuales íntegras del personal del Cuerpo de Policía Local, desglosadas por categorías y conceptos (sueldo base, complemento de destino, complemento específico, productividad, gratificaciones, trienios), e indicando posibles modificaciones recientes de la RPT. Funciones y escalas funcionales asignadas a cada categoría del cuerpo. Plantilla orgánica actualizada, con número de plazas presupuestadas, cubiertas y vacantes, y dotación económica global. Reglamento o norma interna que regule la organización y régimen disciplinario del cuerpo policial. Turnos de trabajo ordinarios y especiales (mañana, tarde, noche, rotatorios, etc.), así como las dietas o indemnizaciones por razón del servicio, con su cuantía y normativa de referencia (art. 23.3.b EBEP y RD 462/2002). Horas extraordinarias retribuidas durante el último ejercicio completo, agregadas por categoría y tipo de servicio, con indicación del número total de horas, importe económico y norma reguladora. Todo ello a efectos de transparencia organizativa y presupuestaria, conforme a la Ley 19/2013, sin incluir información de carácter personal"*.

En data 13/10/2025 ao abeiro do artigo 19.3 LTAIBG solicitouse informe a área de RRHH e Formación.

En data 14/11/2025 emitíuse informe da Área de RRHH e Formación.

LEXISLACION APLICABLE

- [Constitución Española de 1978](#)
- [Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público \(LRXSP\)](#)
- [Lei 7/1985, do 2 de abril, das Bases do Réxime Local \(LBRL\)](#)
- [Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas \(LPAC\)](#)
- [Lei 19/2013, do 9 de decembro, de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno \(LTAIBG\)](#)

Copia do documento - Concello de Vigo
1960-1102

Data impresión: 21/11/2025 12:54

Páxina 1 de 8

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

SECRETARÍA GOBERNO
LOCAL

Concellería
de SEGURIDADE,
CONTRATACIÓN, FESTAS E
XESTIÓN MUNICIPAL

CONCELLO DE
VIGO



- [Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e Garantía dos Dereitos Dixitais \(LOPDGDD\)](#)
- [Regulamento \(UE\) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento dos datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se deroga a Directiva 95/46/CE \(RGPD\)](#)

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

PRIMEIRO.- Do acceso á información.-

A Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, regula no seu artigo 12 o dereito de acceso á información pública, preceptuando que *"Todas las personas tienen derecho a acceder a la información pública, en los términos previstos en el artículo 105,b) de la Constitución Española, desarrollados por esta Ley.*

Asimismo, y en el ámbito de sus respectivas competencias, será de aplicación la correspondiente normativa autonómica."

O acceso á información constitúe un verdadeiro dereito subxectivo que se configura de maneira ampla en tanto que son titulares do mesmo todas as persoas sen que as mesmas teñan que alegar interese específico nin ser preciso a motivación da súa solicitude.

Aos efectos da LTAIBG (artigo 13) enténdese por información pública *"los contenidos o documentos, cualquiera que sea su formato o soporte, que obren en poder de alguno de los sujetos incluidos en el ámbito de aplicación de este título y que hayan sido elaborados o adquiridos en el ejercicio de sus funciones."* É precisamente a "información pública" así concibida sobre a que se proxecta o exercicio do dereito de acceso nos termos sinalados no artigo 17.1 LTAIBG: *"El procedimiento para el ejercicio del derecho de acceso se iniciará con la presentación de la correspondiente solicitud, que deberá dirigirse al titular del órgano administrativo o entidad que posea la información"*.

A Lei define o obxecto dunha solicitude de acceso á información en relación a información que xa existe, por canto está en posesión do Organismo que recibe a solicitude, ben porque o mesmo a elaborou ou ben porque a obtivo no exercicio das funcións e competencias que ten encomendadas. E iso, para garantir o obxectivo que

Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 21/11/2025 12:54

Páxina 2 de 8

1960-1102

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

SECRETARÍA GOBERNO
LOCAL

Concellería
de SEGURIDADE,
CONTRATACIÓN, FESTAS E
XESTIÓN MUNICIPAL

CONCELLO DE
VIGO



persegue a norma e que non é outro que *"ampliar e reforzar a transparencia da actividade pública, regular e garantir o dereito de acceso a información relativa a aquela actividade"* (art. 1 de la LTAIBG).

A LTAIBG recoñece no seu artigo 12 o dereito de todas as persoas a acceder á información pública, e o seu obxectivo é someter a escrutinio a acción dos responsables públicos, coñecer como se toman as decisións que afectan os cidadáns, como se manexan os fondos públicos ou baixo que criterios actúan as nosas institucións. Neste sentido, o Preámbulo da LTAIBG, sinala que *"A transparencia, o acceso á información pública e as normas de bo goberno deben ser os eixos fundamentais de toda acción política. Só cando a acción dos responsables públicos sométese a escrutinio, cando os cidadáns poden coñecer como se toman as decisións que lles afectan, como se manexan os fondos públicos ou baixo que criterios actúan as nosas institucións poderemos falar do inicio dun proceso no que os poderes públicos comezan a responder a unha sociedade que é crítica, esixente e que demanda participación dos poderes públicos."*

SEGUNDO.- Da solicitude formulada


O solicitante interesa datos relativos a estruturas organizativa e retribucións dos postos adscritos a Policía Local.

O artigo 5.1 da LTAIBG determina que as Entidades Locais están obrigadas a publicar *"de forma periódica e actualizada a información cuxo coñecemento sexa relevante para garantir a transparencia da súa actividade relacionada co funcionamento e control da actuación pública"*. Concretamente, o artigo

Respecto ao alcance das obrigacións dos órganos, organismos e entidades do sector público estatal en materia de acceso á información pública sobre as súas Relacións de Postos de Traballo (RPT), catálogos, persoais orgánicos, etc... e as retribucións dos seus empregados ou funcionario o Consello de Bo Goberno e Transparencia en criterio interpretativo CI/001/2015 sinala

"1. Información referida a las RPT, catálogos, plantillas orgánicas, etc... de los órganos, organismos públicos y entidades del sector público estatal enumerados en el artículo 2 de la LTAIBG."

A. En principio y con carácter general, la información referida a la RPT, catálogo o plantilla orgánica, con o sin identificación de los empleados o funcionarios públicos ocupantes de los puestos, se consideran datos meramente identificativos relacionados



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 21/11/2025 12:54

Páxina 3 de 8

1960-1102

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

**SECRETARÍA GOBERNO
LOCAL**

**Concellería
de SEGURIDADE,
CONTRATACIÓN, FESTAS E
XESTIÓN MUNICIPAL**

**CONCELLO DE
VIGO**



con la organización, funcionamiento o actividad pública del órgano de modo que, conforme al artículo 15, número 2, de la LTAIBG, y salvo que en el caso concreto prevalezca la protección de datos personales u otros derechos constitucionalmente protegidos sobre el interés público en la divulgación, se concederá el acceso a la información

B. Ello no obstante y en todo caso:

a) La información –siempre en el supuesto de que resulte obligado facilitarla conforme a las reglas del anterior apartado A- no se facilitará cuando el acceso suponga un perjuicio para uno o varios de los bienes enumerados en el artículo 14.1 de la LTAIBG y la limitación sea justificada, proporcionada a su objeto y finalidad de protección y haya tenido en cuenta las circunstancias del caso concreto, especialmente la concurrencia en el mismo de un interés superior que justifique el acceso".

(...)

3.- Información referente a las retribuciones vinculadas a la productividad o al rendimiento, con identificación o no de sus perceptores, e información relativa al complemento de productividad o incentivo al rendimiento percibido por uno o varios funcionarios o empleados públicos determinados.

Con carácter general, la cuantía de los complementos o incentivos retributivos ligados a la productividad o el rendimiento percibidos efectivamente por los empleados o funcionarios de un determinado órgano, organismo o entidad del sector público estatal no puede conocerse a priori, pues, por esencia, depende de la productividad o rendimiento desarrollado por éstos y éste es un dato que solo puede determinarse a posteriori, una vez verificados dicho rendimiento o productividad. De este modo, la información, aún en el caso de que no incorpore la identificación de los perceptores, puede facilitarse únicamente por períodos vencidos.

Igualmente, con carácter general, los complementos o incentivos vinculados a la productividad o al rendimiento no tienen carácter permanente sino coyuntural pues están dirigidos a retribuir un rendimiento o productividad especial, que no tiene por qué producirse de forma continuada. Por ello, la información, caso de facilitarse, deberá incluir la expresa advertencia de que corresponde a un período determinado y que no tiene por qué percibirse en el futuro con la misma cuantía.

Hechas estas salvedades, los criterios expuestos en los precedentes apartados A y B serían de aplicación al caso de las retribuciones ligadas al rendimiento o la

Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 21/11/2025 12:54

Páxina 4 de 8

1960-1102

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

**SECRETARÍA GOBERNO
LOCAL**

**Concellería
de SEGURIDADE,
CONTRATACIÓN, FESTAS E
XESTIÓN MUNICIPAL**

**CONCELLO DE
VIGO**



productividade: cuando la información solicitada no incluya la identificación de los perceptores, con carácter general debe facilitarse la cuantía global correspondiente al órgano, centro u organismo de que se trate; cuando incluya la identificación de todos o alguno de sus perceptores, debe realizarse la ponderación de intereses y derechos prevista en el artículo 15.3 de la LTAIBG y resolverse de acuerdo a los criterios expuestos en los mencionados apartados".

En relación a información solicitada, por parte da Área de RRHH e Formación informouse o seguinte

"-Información que xa consta publicada:

1) Información de soldo base, complemento destino e complemento específico dispoñible na sede municipal, en relación coa tramitación dos orzamentos:

- Orzamento Exercicio 2025:

https://hoxe.vigo.org/oconcello/economica25_persoal.php?lang=gal

<https://hoxe.vigo.org/pdf/orzamentos/2025/orzamento/persoal/POSTO%20PRAZA%20CE.pdf>

2) Toda a información sobre modificacións de RPT, dispoñible no portal de transparencia:

<https://transparencia.vigo.org/?id=149&tipo=ele&ita=0&lang=es>

3) Funcións e escalas funcionais asignadas a cada categoría do corpo.

Pódese consultar no portal de transparencia, en relación coa información da RPT e concretamente no documento de aprobación da RPT ano 2023 (Aprobación definitiva da proposta de aplicación do estudio de análise e valoración retributiva e funcional de postos de traballo e mellora na organización interna da Policía Local e Aprobación definitiva da relación de postos de traballo do Concello de Vigo 2023, BOPPO Núm. 93, Martes, 16 de maio de 2023):

<https://transparencia.vigo.org/?id=149&tipo=ele&ita=0&lang=es>

4) Plantilla orgánica actualizada, co número de prazas orzamentadas, cubertas, vacantes, e dotación económica global.

- Orzamento Exercicio 2025 (capítulo 1 de gastos) para consulta da dotación económica global:

Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 21/11/2025 12:54	Páxina 5 de 8
1960-1102		
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

**SECRETARÍA GOBERNO
LOCAL**

**Concellería
de SEGURIDADE,
CONTRATACIÓN, FESTAS E
XESTIÓN MUNICIPAL**

**CONCELLO DE
VIGO**



https://hoxe.vigo.org/oconcello/economica25_persoal.php?lang=gal

- Documento cadro de persoal/plantilla do orzamento 2025:

<https://hoxe.vigo.org/pdf/orzamentos/2025/orzamento/persoal/1003%20CADRO%20DE%20PERSOAL.pdf>

A información de dotacións cubertas/vacantes varía constantemente en función das distintas incorporacións de novos efectivos ou xubilacións que se van producindo ao longo do ano, polo que non consta publicada na sede municipal. Salvo erro ou omisión, e segundo as ferramentas de persoal dispoñible, a data de firma do presente informe, consta das seguintes vacantes:

1- Intendente principal

1- Intendente policía local

1 -Inspector/a principal

1- Superintendente xefe/a policía local

4 -inspectores/as

4 -oficiais (1 vacante reservada)

59- axentes (6 vacantes reservadas)

5) Quendas de traballo ordinarias e especiais

A información sobre quendas de traballo por tipo de posto figura no documento da RPT 2023 (Aprobación definitiva da proposta de aplicación do estudo de análise e valoración retributiva e funcional de postos de traballo e mellora na organización interna da Policía Local e Aprobación definitiva da relación de postos de traballo do Concello de Vigo 2023, BOPPO Núm. 93, Martes, 16 de maio de 2023):

<https://transparencia.vigo.org/?id=149&tipo=ele&ita=0&lang=es>

6)-Información sobre gratificacións, dietas ou indemnizacións e produtividades no último exercicio 2024, remitímonos ao informe de técnica de Avaliación e Formación de data 14/11/2025 :

"Segundo os datos obrantes no programa informático de xestión de Recursos Humanos e nómina, no ano 2024 aboáronse un total de 272,282,15€ con cargo a aplicación orzamentaria 13201510000 Gratificacións, das que a cantidade de 136.522,75€ correspondese a aboamento de exceso de xornada, 110.552,92€ a os recargos de festividade e nocturnidade do exceso de xornada e xornadas de

Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 21/11/2025 12:54

Páxina 6 de 8

1960-1102

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

SECRETARÍA GOBERNO
LOCAL

Concellería
de SEGURIDADE,
CONTRATACIÓN, FESTAS E
XESTIÓN MUNICIPAL

CONCELLO DE
VIGO



dispoñibilidade e 25.206,48€ a gratificacións especiais (realización de servizos de gran gala)

A aplicación orzamentaria 13201500000 -produtividade- foi imputado un total de 1.314.436,67 €

Os gastos en Dietas ou indemnizacións por razón de servizo ascendieron no ano 2024 a un total de 74051,86 €."

Segundo dito informe emitido non concorrer unha causa de inadmisión da solicitude de acceso á información das enumeradas no artigo 18 da LTAIGB.

Toda vez que a información solicitada constitue información pública nos termos sinalados no artigo 13 da LTAIBG procede facilitar a información solicitado facendo constar expresamente que a información relativa ao importe económico das gratificacións, dietas, indemnizacións e produtividade facilitadas corresponde ao ano 2024 e non implica que no sucesivos anos se reitere a mesma contía.

TERCEIRO.- Do órgano competente

A resolución da solicitude correspóndelle á Concelleira de Seguridade, Contratación, e Xestión Municipal segundo Resolución de Alcaldía de delegacións específicas do 28.06.2024.

Polo exposto formúlase a seguinte **PROPOSTA**:

PRIMEIRO.- Estimar a solicitude formulada por [REDACTED] e facilitar a información mediante acceso aos enlaces recollidos no apartado e informes transcrito no apartado segundo das consideracións xurídicas do presente informe proposta.

SEGUNDO.- Notificar a solicitante indicándolle que contra a resolución de acceso a información pública que pon fin á vía administrativa poderán interpoñerse os recursos ou reclamacións que a continuación se indican:

- a) Recurso contencioso-administrativo perante o xulgado do Contencioso Administrativo de Vigo, dentro do prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da recepción desta notificación.
- b) Con carácter potestativo, reclamación previa á súa impugnación ante a xurisdición contencioso-administrativa perante o Valedor do Pobo de Galicia, dentro do prazo dun mes a contar desde o día seguinte ao da recepción desta notificación



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 21/11/2025 12:54	Páxina 7 de 8
1960-1102		
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

SECRETARÍA GOBERNO
LOCAL

Concellería
de SEGURIDADE,
CONTRATACIÓN, FESTAS E
XESTIÓN MUNICIPAL

CONCELLO DE
VIGO



ou desde o día seguinte a aquel en que se produzan os efectos do silencio administrativo. No caso de optar pola reclamación non se poderá interpoñer o recurso contencioso-administrativo ata que aquela sexa resolta expresamente ou se producise a súa desestimación por silencio administrativo.

Todo iso sen prexuízo de calquera outro recurso ou acción que estime procedente”.


A Secretaria de Goberno Local, Susana Gallardo Fariña

DECRETO: Vista a precedente proposta, **RESOLVO DE CONFORMIDADE COA MESMA.**

Vigo, data segundo sinatura electrónica á marxe

A Concelleira de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, Dona. Patricia Rodriguez Calviño (Resolución da Alcaldía de data 19.06.2023 modificada por Resolución de data 28.06.2024 e Resolución de delegación específicas de data 28.06.2024, BOP nº 133 de data 9.07.2024)

Dou fe, a secretaria



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 21/11/2025 12:54

Páxina 8 de 8

1960-1102

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>